



COMUNICACIÓN RELATIVA Á DIFUSIÓN DOS PRODUTOS DIXITAIS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAIS XACOBEO 2021

A AUTORIZACIÓN PARA A DIFUSIÓN DE PRODUTOS DIXITAIS DO FONDO XACOBEO 2021 EN PLATAFORMAS ALLEAS ÁS INSTITUCIONAIS DA XUNTA DE GALICIA ENTENDERASE CONCEDIDA A PARTIR DO MOMENTO EN QUE A SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EXHIBA ESTES NA SÚA PÁXINA WEB NA SEGUINTE LIGAZÓN: <https://www.lingua.gal/materiais-fondo-xacobeo-21>. A EXHIBICIÓN QUE SE REALICE SERÁ GRATUÍTA E SEN ÁNIMO DE LUCRO.

1 Previsións xerais das bases da convocatoria

A Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases do denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021, prevé na [base terceira](#) o seguinte:

Que os proxectos poderán presentarse en formato presencial/material e/ou dixital, ou combinar ambos os dous formatos.

Segundo o previsto nos diferentes apartados da [base cuarta](#), as creacións culturais ou artísticas e os bens culturais en formato dixital proporcionaranlle á sociedade produtos culturais galegos de calidade e servirán para fornecer os contidos das diferentes campañas e liñas de acción que proxecte a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Consellería da que depende ou a Xunta de Galicia nas diferentes plataformas dixitais, páxinas web ou redes sociais que determine.

2 Fases do expediente

A participación das persoas físicas ou xurídicas interesadas na convocatoria implica superar diferentes fases que teñen consecuencias respecto da cesión dos dereitos de propiedade intelectual.

Logo da participación no procedemento contractual, as persoas solicitantes tiveron ocasión de comprobar se o seus proxectos resultaron seleccionados ou non mediante as diferentes resolucións de selección de proxectos que se publicaron na páxina web www.lingua.gal

Logo da selección dos proxectos, a Administración contratante está obrigada a adxudicar formalmente os contratos e notificarlles as adxudicacións destes ás persoas interesadas, que, pola súa aceptación, se comprometen a respectar as condicións previstas nas bases da convocatoria e na resolución de adxudicación, tamén no que se refire á cesión dos dereitos de propiedade intelectual.

Na fase de adxudicación, todos os proxectos, pero especialmente os dixitais, pola incidencia da súa difusión pública, precisan ser revisados antes de tramitar a última fase do procedemento, que é a do seu pagamento.

Para os produtos dixitais revisarase o seguinte:





Que o idioma vehicular utilizado nos proxectos é o idioma galego e que a súa utilización é correcta dende o punto de vista gramatical e fonético segundo as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego vixentes, aprobadas pola Real Academia Galega.

Que nas creacións culturais editadas en formato dixital aparezan os logos da Xunta de Galicia, Galicia e Xacobeo 2021, tal como se indica na resolución de adxudicación.

Que as creacións dixitais inclúen un espazo de créditos no que se indicará o nome do autor ou da autora e a información de que a obra foi realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 ao abeiro do Plan de reactivación nos sectores turístico e cultural fronte aos efectos da covid-19.

3 Alcance da cesión dos dereitos patrimoniais derivados da propiedade intelectual

Antes de que a cesión de dereitos patrimoniais se faga efectiva, a Administración contratante precisa comprobar unha serie de requisitos mínimos de calidade previstos nas bases. Logo das comprobacións oportunas, a SXPL estará en disposición de difundir o produto nas súas plataformas dixitais e redes sociais. A SXPL difundirá os produtos adquiridos a través das plataformas dixitais e redes sociais que sexan de titularidade da Consellería ou da Xunta de Galicia e, sempre, sen prexuízo de autorizar, cando proceda, posteriores cesións gratuítas de dereitos de propiedade intelectual sobre os proxectos adquiridos coa finalidade de promover sen ánimo de lucro unha maior difusión pública.

Con carácter xeral, o adxudicatario cédelle á Administración contratante os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública. A cesión será exclusiva e con capacidade para lles outorgar autorizacións a terceiras persoas. A súa duración será polo tempo máximo que permita para cada modalidade o Real decreto lei 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e o ámbito xeográfico da cesión será para todo o mundo, sen ningunha limitación.

Esta premisa contractual das bases da convocatoria implica que a plataforma dixital seleccionada para difundir os produtos será de titularidade da Administración contratante e que, pola súa vez, terá potestade para ceder os seus dereitos a terceiras persoas públicas ou privadas, con fins de interese público e social e sen ánimo de lucro. Así mesmo, poderá autorizar a persoa adxudicataria (contratista) que difunda os produtos dixitais adquiridos noutras canles alleas á Consellería sempre que o faga de forma gratuítas e sen ánimo de lucro. A autorización entenderase concedida a partir do momento en que a SXPL exhiba os produtos dixitais revisados na súa páxina web na seguinte ligazón: <https://www.lingua.gal/materiais-fondo-xacobeo-21>

A difusión dos produtos na web implica que o produto cumpre os requisitos mínimos previstos nas bases para a súa adquisición. Por tal motivo, a partir dese momento, tramitarase o expediente de pagamento correspondente. Calquera persoa poderá difundir gratuitamente e sen ánimo de lucro o seu produto ou creación dixital noutras plataformas alleas ás institucionais da Consellería cando verifique que o produto está subido á web da SXPL.

Unha vez exposto o anterior, recordámoslles ás persoas interesadas que é importante cumprir as obrigas previstas na correspondente resolución de adxudicación ou, de ser o caso, no contrato, para promover que a entrega dos produtos dixitais ou a execución dos servizos,





eventos e/ou representacións se realizará dentro do ano natural. De non facelo así, decaerán os dereitos das persoas adxudicatarias por incumprimento do prazo de entrega ou de execución.

Así mesmo, para o pagamento das facturas, as persoas contratistas deberán cumprir os requisitos previstos na resolución de adxudicación e nas bases da convocatoria, polo que se refire á súa presentación no Sistema Electrónico de Facturación (SEF) da Xunta de Galicia, xunto coa documentación xustificativa da execución do proxecto, para o caso de servizos, eventos ou representacións.

Para o caso dos proxectos dixitais, en ningún caso se tramitará o pagamento da factura correspondente, sen antes comprobar que o produto dixital foi entregado na forma prevista na resolución de adxudicación e que cumpre os requisitos mínimos de calidade técnica segundo o indicado nesta comunicación ao abeiro das bases da convocatoria.

Santiago de Compostela 16 de outubro de 2020

